



En Mozambique din que o cabrito come onde está amarrado. Bucólica imaxe para falar desa corrupción institucional que alí chaman *cabritismo*. E moi gráfica, abofé. Contra a tendencia que dissolve na abstracción a realidade do engano e o enriquecemento ilícito –sempre son os outros, sempre é unha clase, sempre é algo alleo a quen o critica– o cabrito ten a virtude da concreción, da singularidade, da tentación do pasto próximo e á man.

Imaxinémonos no caso: un alto dirixente da empresa para a que traballamos explícanos que parte da nosa retribución ímola percibir dun xeito complementario á nómina. Ingresaremos X miles de euros en concepto de soldo mensual e, á parte, teremos unha tarxeta á nosa disposición para cargar nela os gastos que consideremos oportunos sen pasarnos dun límite mensual. Insisto: como parte do noso soldo. Reitero: só hai que observar un límite mensual. Explícanos, ademais, que nin sequera temos que comunicar os gastos, postos que eles mesmos recibirán os extractos bancarios rexistrados co uso da tarxeta. Engade que, obviamente, todo é perfectamente legal porque todo se declara e, por suposto, conta co beneplácito de todos os directivos e con todos os parabéns dos servizos xurídicos da empresa. Como non podería ser doutro xeito.

Onde está, xa que logo, o problema? Que dúbidas podemos ter? Que a empresa en cuestión ten problemas de liquidez e que recibiu importantísimas sumas de cartos públicos para impedir a súa quebra? A fin de contas o receptor da tarxeta, de xeito individual, non é o responsable de tal cousa e, ben mirado, non merece esa alta e flexible retribución tendo en conta a súa alta e meritória preparación, xunto coa súa alta e esixente responsabilidade laboral? Non coñezo ninguén que crea que cobra demasiado. Todos cremos que poderíamos cobrar máis, mesmo no improbable caso de que nos consideremos ben pagados. Quen rexeita un aumento de soldo?

Pois aí está a cuestión: quen ten a lucidez, a integridade e a afouteza non só de conformarse co que ten, senón de renunciar explicitamente ao que con toda naturalidade se lle ofrece como debido, normal e obvio posto que responde ao proceder habitual do lugar onde está amarrado? Hai quen o fixo e cómpre gabar tal

acto de resistencia, pero cómpre igualmente ser realistas nos actos de indignación e repulsa para non caermos no espellismo falaz de crérmonos cabritos inmunes e vacinados contra todo tipo de *cabritismo*.

Dous artigos e unha achega queren facer pensar ao lector acerca da corrupción. O de Xoán C. Rodríguez Herranz desde a perspectiva bíblica do AT e o de Bernardo Pérez Andreo desde unha visión máis actual. A estes dous traballos súmase a achega de Engracia Vidal que se pregunta pola adecuación eclesial entre discurso e praxe. Lea tamén o benévolo lector desde esta perspectiva as sempre interesantes roldas de política, cultura e de Igrexa. Poderá atopar aí abundante información para tecer unha opinión propia sobre asunto tan candente.

O número complétase con diversas recensións e, sobre todo, da man de Almudena Otero, cun orixinal achegamento a Bernadette, figura infantil protagonista do fenómeno mariano acontecido en Lourdes. Un fenómeno tan curioso no seu emerxer orixinario como dado a posibles terxiversacións e corrupcións posteriores que cómpre diferenciar dos seus inicios. Tamén publicamos un bonito texto de Pepa Torres que introduce un discurso de Mercedes Navarro co gallo dun importante premio recibido. Noraboa á prof. Navarro.

Nota bene: contan as malas linguas que o ex-presidente da Comunidade de Madrid preguntou a un funcionario de prisións, cando se dispuña a pasar a súa primeira noite en Soto del Real, se a auga da súa cela era potable. O funcionario respondeulle que cría que si, pero que non o sabía, que viña do Canal de Isabel II.

Pedro Castelao